

Proxecto Educativo do Museo (PEM)



Museo do Pobo Galego



PRINCIPIOS DO PEM

O Proxecto Educativo do Museo (PEM) constitúe o documento que trata de ordenar as actuacións do Museo no ámbito da educación e a acción cultural. Debe incluír os requirimentos e necesidades para o cumprimento das funcións educativas e de difusión do Museo. Estas téñense que resolver en actuacións que concreten as especificacións técnicas recollidas no Proxecto, definindo, describindo e propoñendo solucións axustadas aos requirimentos que se formularon no mesmo. O PEM polo tanto fixa as bases da acción educativa e cultural. Así mesmo describe os instrumentos e tarefas básicas necesarios para o correcto funcionamento desta área marcando unha pauta de actuación estruturada e común para o desenvolvemento do proxecto educativo e de acción cultural da institución.

Para a concreción do PEM primeiramente hai que ter en conta consideracións museolóxicas, relativas á propia institución na que traballamos: a tipoloxía de museo, a súa situación no sistema museal galego ou o seu discurso.

A idea dun Museo Galego, nace moito antes do momento no que dita entidade abre as portas. Xorde como un museo de identidade que segue o modelo das etnografías nacionais europeas de finais do XIX que basean os seus proxectos de patrimonialización na categoría de autenticidade, fixándose no pobo como emblema do "auténtico". Neste sentido, para Galicia, o pobo, o auténtico, a esencia, estaba no mundo labrego e mariñeiro.

Cando por fin no ano 1977 este museo galego se materializou, constitúese como a expresión dun grupo cun feito diferencial claro, asociado a un territorio e cuns fondos diversos pero constituídos sobre todo por pezas provenientes desa denominada cultura tradicional (ou popular), unha categoría que xa é híbrida en tanto se dá un encontro entre quen decide que é o tradicional e quen o produce, pero tamén de tempos distintos: o hipoteticamente estático do mundo labrego e mariñeiro, autenticado polo suposto peso de séculos de historia e o de quen tal certifica desde a óptica da construción das identidades nacionais modernas; a de coleccións conformadas por obxectos de distintas épocas, de distintas clases sociais, de distinto tipo de produción (manual/artesanal ou industrial)..

Tamén a propia museoloxía híbridase neste caso: temos por unha banda, a idea dunha institución nacional con conxuntos ordenados de obxectos que mostran a cultura material e

espiritual dun pobo; por outra, á atención ás correntes da Nova Museoloxía , que cuestionaban a centralidade das coleccións que até entón definiran a tipoloxía dos museos e promoven que sexa a relación das entidades coa sociedade, coa súa contorna inmediata, a que defina os museos neste xeito de abordar a museoloxía.

Pronto se converte nunha institución central no contexto sociocultural de Galicia, sendo modelo e incluso cabeceira de boa parte do sistema museal galego nas décadas dos 80 e dos 90, pero desde entón, as novas orientacións na historia, na antropoloxía, na museoloxía así como os cambios sociais, poñen moi de relevo que hai numerosos aspectos da exposición permanente, que transmiten unha visión idealizada da cultura popular. Estas salas, que son parte da historia da institución seguen a ser relevantes para a cultura e a identidade galega. O seu valor simbólico é innegable e desde logo, aínda operativo e moi necesario. É a única institución desta índole cunha posición dominante do e en galego. Porén ten unha imaxe excesivamente apegada ao rural, situada nun tempo case indeterminado que non reflicte as transformacións propias nos procesos sociohistóricos. E cun discurso androcéntrico propio das ciencias sociais ate os anos 70.

No museográfico, que tamén temos que tomar en conta para abordar este proxecto, está o feito de que as salas foron abríndose pouco a pouco. Isto deu como resultado a falta de unidade no formal, unha certa falta de cohesión discursiva, problemas de circulación e ausencia de espazos adecuados tanto para o descanso nas visitas á como doutros para a organización de actividades ou a acollida de grupos.

O PEM quere servir para habilitar vías alternativas de interpretación da colección a través da acción educativa e sociocultural. Vías que a saquen da visión folclorizante e acheguen lecturas críticas que anden cos tempos , sen deixar de respectar o realizado anteriormente que é parte da historia do Museo e que nos trae ate aquí. Cremos que o MPG é un lugar de memoria, pero pode ser tamén un lugar para o diálogo co presente, coas novas formas de cultura popular, pero tamén cos discursos que sobre o popular se dan na actualidade. En definitiva, consideramos que o Museo do Pobo Galego ten que ser un espazo contemporáneo.

O Proxecto Educativo do Museo quere coadjuvar ao vencello entre os procesos de patrimonialización e a sociedade que o sustenta. Isto implica mediar con diferentes públicos, distintos formatos de transmisión de contidos, múltiples posibilidades de participación ou de recursos dispoñibles que xeran unha diversidade de para as que se fai necesario definir, aínda

que sexa de maneira básica, o funcionamento da área. Consideramos que vai facilitar o desenvolvemento das accións educativas e culturais en cada momento, á vez que lles da coherencia, tanto se estas veñen directamente da área de educación e acción cultural como se non. Así mesmo trátase dun instrumento interesante para desenvolver o traballo en equipo e para a optimización dos esforzos invertidos na entidade museística.

Entre estes principios que rexen o proxecto, a educación patrimonial é a base para a práctica educativa e sociocultural no Museo. No convencemento de que os museos son institucións cada vez máis polifacéticas, que reforzan identidades, crean conciencia cívica e contribúen ao desenvolvemento da sociedade, tamén a sostenibilidade dos proxectos, a participación social, a aplicación de criterios de deseño universal como garantía de integración e accesibilidade, ou a formación dos e das profesionais, son outros elementos a ter en conta. A avaliación vai ser unha parte fundamental e unha ferramenta de traballo permanente, que permita comprobar se cada actividade está tendo a resposta esperada e se conseguen os obxectivos propostos

Educación Patrimonial. Unha acción educativa baseada no patrimonio cultural, material e inmaterial, na que este se use como fonte primaria de coñecemento. Os contidos do Museo pertencen ao patrimonio etno-histórico, material e inmaterial. A identificación, coñecemento, comprensión, interpretación, valoración e apropiación consciente e emancipadora deste patrimonio, está no dunha práctica educativa que procura o enriquecemento individual e colectivo.

Acción educativa inclusiva. A normalización da cultura galega e a reconstrución da conciencia colectiva que o Museo desexa, pasa pola apropiación do Patrimonio que nel se alberga e o protagonismo das persoas. É así que a acción educativa ten que promover a accesibilidade universal, fomentando o tránsito do mero coñecemento á integración das diversas vivenzas e percepcións que favorezan a identificación, desenvolvan un pensamento social e crítico e engadan valor ao Museo e a súa colección.

Metodoloxía diversa e proactiva. Ademais do enfoque interdisciplinar, a metodoloxía ten que ser participativa e a aprendizaxe dialóxica. As estratexias de transmisión terán en conta as relacións establecidas entre contidos, contexto e públicos, sendo as persoas que os conforman, as súas necesidades e intereses, a prioridade das propostas.

Creemos nun modelo que trabaxe os contidos cos esquemas de coñecemento previo, que fomente a capacidade de aprender a aprender e que conecte coa propia realidade para achegarnos ao obxectivo dunha aprendizaxe significativa.

Enfoque interdisciplinar. Privilexiar os enfoques interdisciplinarios e incorporar a dimensión histórica, política e social dos procesos de patrimonialización etnoantropolóxica. O patrimonio etnoantropolóxico está constituído por elementos que se valoran e transmiten nun proceso social dinámico, de xeito que a acción educativa do Museo, debe posibilitar a comprensión desta traxectoria histórica e temporal e do universo sociocultural no que estamos inseridos procurando dotar de memoria crítica ao noso acervo cultural.

A perspectiva de xénero para unha análise significativa da realidade. Máis alá do que atinxe a desigualdade entre homes e mulleres, o xénero visibiliza outras categorías que van desde as de clase ou etnia as de xeración ou diversidade funcional. A introdución da perspectiva de xénero con carácter transversal en todas as accións educativas do Museo, fai visibles as xerarquías culturais e interroga sobre as formas de produción, cuestionando o patrimonio desde e sobre a pluralidade de identidades e tentando abrir fendas na idea de “museo hexemónico”. Coadxuva, polo tanto, a evidenciar certas relacións de poder imperantes, o androcentrismo ou as historias arcaizantes que manan dos discursos ao redor do Patrimonio e que dificultan a asunción do Museo como un espazo de e para todas e todos.

Política de colaboración, traballo en rede e axentes participantes. Tecer redes que axuden a acadar os obxectivos propostos comezando, no ámbito interno, pola colaboración coas distintas áreas do Museo e cos socios e socias da entidade. Cara á comunidade, e partindo das ferramentas e os formatos propios do mundo educativo, débese ir máis alá do concepto de participación para traballar coa diferenza e con axentes diversos. Trátase de integrar enfoques participativos no Museo, procurando a implicación da comunidade na xestión dos recursos culturais, xerando un maior sentido de propiedade colectiva e facilitando a sustentabilidade da propia organización a longo prazo. Esta idea, que atravesará todo o programa de accións que desenvolve o DEAC, ten alicerces fortes na propia entidade coa figura dos socios e das socias do Museo. Seguir nesta liña na procura dun museo aberto á colaboración pasa pola creación de proxectos compartidos con competencias expertas pero tamén con persoas usuarias non especializadas.

Por esta práctica de colaboración e traballo en rede, ou por outras necesidades do proxecto educativo, poden estar involucrados neste diferentes persoas, institucións u organizacións, tanto desde o deseño até o desenvolvemento. Esta colaboración nas diferentes fases con outros axentes, xa sexan estes de carácter cultural ou de calquera outra natureza (unha asociación, un colectivo artístico, unha empresa...) deveñen a miúdo en situacións de negociación que se deben xestionar sen renunciar aos fins dispostos. Cando estes outros axentes executen actividades relacionadas co proxecto, será o DEAC o que establecerá as condicións, cando menos en obxectivos e metodoloxía e coordinará o desenvolvemento das mesmas.

A formación dos e das profesionais. As persoas que integran a área de Educación e Acción Cultural do Museo teñen o foco no coñecemento e coidado da súa audiencia. Porén, non é un grupo profesional preocupado exclusivamente nela, xa que non se pode comunicar sobre algo que non se coñece. Tampouco se pode realizar esta comunicación eficazmente se non se manexan as técnicas e as estratexias apropiadas para facelo. O persoal de Educación e Acción Cultural ten un perfil diverso, que pode estar entre a Museoloxía e a Xestión Cultural, e interdisciplinar, no que a formación en educación, museoloxía, comunicación e a disciplina á que pertenza a entidade museística é fundamental. A actualización dos coñecementos é tamén un elemento importante que se deberá considerar á hora de establecer as dinámicas de funcionamento da área.

A sostenibilidade do proxecto cunha xestión programada e responsable que permita desenvolver as funcións esenciais, optimizando os recursos dispoñibles. Tense en consideración o custe económico para tomar decisións que optimicen os recursos dispoñibles de acordo a metodoloxía que se considera óptima. Neste modelo aténdese aos ámbitos medioambiental, económico e social, no que ao cumprimento das funcións do proxecto unírase o valor ético dos procedementos.

A avaliación como un dos piares do Proxecto Educativo do Museo. O marco é a avaliación da educación non formal no que se valora o contexto, a planificación, os procesos de desenvolvemento e os resultados, incluíndo a avaliación de todas as persoas que participan, desde quen diseña ate quen o recibe, a todo o persoal implicado dun xeito ou outro no proxecto educativo do museo.

CONCEPCIÓN DO PROXECTO

Antecedentes do Proxecto Educativo do Museo

Anos 80- 1997: bolseiros da área de conservación e persoas que realizaban a súa Prestación Social Substitutoria atendían tamén aos grupos que aparecían no Museo. Nalgúns casos, estas mesmas persoas realizaron algún material de apoio ao profesorado.

1997-1999: convocouse unha bolsa con obxecto de ocuparse da demanda de visitas guiadas por parte de grupos organizados.

2000: no contexto da Capitalidade Cultural Europea de Santiago de Compostela con dúas grandes exposicións asignadas ao Museo, realízase o primeiro contrato de persoal para o departamento cunha responsable do mesmo e cinco monitores/as. A partir deste momento o departamento queda consolidado aínda que nunca volverá contar con tanto persoal. Terá, durante un tempo, a dúas persoas a xornada completa e unha a media. Desde hai ano e medio reduciuse a unha persoa a tempo completo e outra a media xornada.

Aínda que existía oferta educativa desde os anos 80, o programa actual comezouse a xestar no ano 2000 en que o DEAC pasa a ser un departamento máis da estrutura organizativa do Museo coas mesmas condicións e dotación de persoal. As liñas actuais de traballo fóronse definindo ao longo destes anos á vez que se implementaba o programa e a oferta educativa íase adaptando a novos públicos.

Xustificación do Proxecto Educativo do Museo

O Departamento de Educación e Acción Cultural (DEAC) do Museo do Pobo Galego establécese como servizo específico no curso 1989-90, coa función de dirixir as visitas e facilitar a comprensión dos materiais expostos no centro co apoio de persoal cualificado. Este labor é consoante coa Lei do Patrimonio Cultural de Galicia que, no seu art. 67.1, define os museos como "*institucións de carácter permanente, abertas ó público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ó desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de xeito científico, estético e didáctico, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen*

testemuños das actividades do ser humano ou do seu contorno natural, con fins de estudio, educación, gozo e promoción científica e cultural".

O Museo do Pobo Galego subscribe tal definición e constitúese como un organismo ó servizo da comunidade. Partindo destas premisas, o Museo séntese comprometido a contribuír ao coñecemento e a comprensión do patrimonio etnoantropolóxico rexistrando e recollendo unha parte da nosa historia para ofrecer información e vivencia da mesma. Neste propósito, boa parte da actividade da institución son accións de difusión emprendidas polo Museo co obxectivo de facilitar elementos de referencia e de integración, a través das diferentes mostras da cultura da propia comunidade.

A experiencia do Museo permite asegurar que, tanto polo seu esquema de funcionamento como polos recursos que emprega, o DEAC constitúe un servizo de interese social, amplamente aceptado e estimado especialmente por colectivos como o escolar e certos grupos sociais como as persoas maiores ou sectores da poboación en risco de exclusión social. Trátase, na grande maioría dos casos, de galegos e galegas da máis diversa procedencia para quen a visita ó Museo supón -atendendo as súas propias manifestacións- a posta en valor dunha parte da memoria común, dunha tradición aínda inmediata e en boa parte operativa, que se ve investida dun prestixio singular por ser obxecto de exhibición nas salas dun museo. É ademais ben valorado por quen traballa por unha actualización da cultura popular patrimonializada, que nos enriqueza social e culturalmente. Neste sentido cremos que o coidado e difusión da cultura popular non supón facelo dun xeito indiscriminado; débense depurar aspectos ou elementos superados e non pechar o camiño á innovación ou á incorporación crítica, tamén de formas procedentes das outras culturas coas que convivimos e dos novos significados da época na que nos toca estar.

OBXECTIVOS

Nos principios sobre os que baseamos o PEM xa se están a determinar tamén gran parte dos obxectivos xerais así como algúns dos principios metodolóxicos para desenvolver a práctica educativa e acadar os obxectivos do Proxecto Educativo.

- Dotar a acción do Departamento de Educación e Acción Cultural cunha serie de recursos, actividades e estratexias con valor por si mesmas, máis alá da mera explicación ou xustificación do discurso museográfico.

- Coadxuar á comprensión da singularidade do patrimonio histórico, cultural e lingüístico galego, participando activamente na súa conservación e mellora o que implica estudar e traballar cos procesos de formación do patrimonio e a relación dos mesmos coa memoria e coa identidade.
- Traballar, polo tanto, contidos vinculados non só á colección permanente e ás exposicións temporais, senón tamén ás liñas de actuación do Museo nos ámbitos da investigación e da intervención sociocultural
- Facer do Museo un espazo válido para o maior número posible de persoas na procura dunha accesibilidade universal dedicando tempo e actividades á adecuación das propostas á diversidade dos e das usuarias.
- Propor accións que faciliten a inclusión de coñecementos e interpretacións diversas.
- Acadar a participación dos distintos axentes sociais como parte dos mecanismos de xestión.
- Lograr, con estas propostas, a interacción entre visitantes e contidos, mediando para que o público teña vivencias significativas no Museo.
- Crear lazos e redes de colaboración coa nosa contorna inmediata e coa sociedade en xeral e que a acción do Museo, e o propio Museo, vaia alén dos muros da súa sede.
- Facer do Museo parte activa do desenvolvemento sostible da propia sociedade.
- Lograr que a sociedade se apropie e goce co Patrimonio etno-antropológico galego.

METODOLOXÍA

Como xa se adianta nos principios do PEM, a metodoloxía será diversa e proactiva, cun enfoque interdisciplinar. A educación patrimonial non pode separarse dos parámetros globais e locais da educación. Na educación patrimonial o Patrimonio pretende ser un espazo de convivencia e diálogo no que as persoas son o centro da acción educativa e cultural do Museo. As estratexias metodolóxicas a seguir teñen, evidentemente, que facilitar a interpretación, o diálogo e o intercambio de ideas no Museo.

Para o desenvolvemento da educación patrimonial tal e como nós a concebimos e a procura dunha estrutura metodolóxica de referencia que nos permita deseñar despois estratexias específicas, apoiámonos, primeiramente, en distintas vertentes da Educación como disciplina. Por unha banda a educación ambiental, que ten unha longa traxectoria enfrontando, no ámbito do

patrimonio natural, problemas similares aos que atopamos no patrimonio cultural. Pola outra a Educación Social e a Animación Sociocultural porque son disciplinas que buscan a creación de estratexias para a participación colectiva na resolución de problemas e a intervención na educación non formal.

Ao respecto das teorías da educación faise un axuste entre as filosofías educativas das intelixencias múltiples, as teorías da aprendizaxe experiencial e da pluralidade das aprendizaxes, combinadas coa focalización nos elementos patrimoniais, o diálogo, a participación e a simulación, un traballo de campo/estudo previo sobre a colección e os públicos, a avaliación cualitativa e a integración equilibrada na vida e na xestión do Museo.

Isto significa que:

- a aprendizaxe no Museo darase desde un enfoque dialóxico na que todas as persoas implicadas estean involucradas e acheguen contidos, nun contexto de interacción, ao proceso de aprendizaxe desde a súa visión e experiencias.
- facilitaranse procesos de aprendizaxe que permitan o acceso a diversos coñecementos vinculados co patrimonio, usando múltiples enfoques e a través de estratexias didácticas onde os educadores e as persoas participantes dialoguen, constrúan definicións, criterios... implica actividades de descubrimento e estratexias lúdicas en situacións educativas informais nas que se producen aprendizaxes significativas e nas que, cando intervén un ou unha educadora, o seu papel é o de mediar á vez que participa do proceso de aprendizaxe.
- deseñaranse actividades que se centren en comprender os significados, usos e dinámicas sociais, que se dan ao redor do patrimonio. A exploración da relación e do que representa para cadaquén o patrimonio permitirá desvelar e entender a trama e os procesos sociais que o sustentaron e o sustentan.
- fomentarse que as persoas participantes, individual ou colectivamente, se fagan responsables asumindo accións a favor do patrimonio, como por exemplo as recollas e investigacións na súa contorna inmediata.
- tratarase de formar en destrezas ou capacidades para intervir fronte ao patrimonio propoñendo adaptacións nos proxectos curriculares, colaborando coa formación de docentes e

de profesionais da educación ou das disciplinas relacionadas co patrimonio. Tamén organizando actividades para persoas interesadas sen formación específica.

AVALIACIÓN

Xa quedou constancia que a avaliación é un dos principios fundamentais do PEM do Museo do Pobo Galego. O plan de avaliación é parte fundamental deste proxecto educativo, é un sistema de traballo permanente. Os aspectos avaliábeis na acción educativa museal son múltiples, e é importante definir un modelo de avaliación que contemple diversas dimensións da acción educativa como son os obxectivos, os contidos, a metodoloxía, os recursos ou a xestión. Van contar con indicadores específicos para cada unha delas como a eficacia comunicativa, a adecuación aos conceptos didácticos, as concepcións didácticas explícitas/implícitas, os materiais, a súa proxección, a adecuación dos espazos ou dos contidos.

A avaliación ten que estruturarse con distintos momentos: durante a planificación das actividades, na súa execución e ao remate das mesmas. As ferramentas para o proceso de avaliación son a observación, os libros ou espazos para os comentarios, a enquisa xerais ou específicas para determinados programas ou usuarios e usuarias ou a retroalimentación e as redes sociais. Outras ferramentas que se deben integrar no proceso son os escenarios de aprendizaxe, os grupos de discusión ou os mapeos de significado persoal e cadernos de bitácora. Sempre que sexa posible se facilitará a avaliación científica, realizada por profesionais externos e sistematizada

É importante contar con distintos axentes de información: os e as participantes en todos os momentos da acción educativa e sociocultural; os e as compañeiras dos distintos servizos, fundamentalmente aquelas persoas que están directamente implicadas co público, xestores e profesionais.

A avaliación esténdese ao persoal, non só da área, senón tamén ao dos servizos implicados co público ao respecto de como se desenvolven nese contacto cos usuarios e usuarias.

TAREFAS ESPECÍFICAS DO DEAC

Para cumprir cos obxectivos xerais e poder desprezar as estratexias propostas hai que concretar a acción didáctica e cultural do Museo determinando as tarefas específicas para acadar cada un

deles. Consideramos que existen cinco áreas ao redor das que o DEAC deberá organizar o seu traballo para deseñar e desenvolver axustadamente as accións didácticas e culturais. É imprescindible para os e as educadoras o coñecemento do Museo no máis amplo sentido. É dicir, que as persoas que formen parte do equipo do DEAC deberán dedicar parte do seu tempo ao estudo da colección, da exposición e dos públicos, para planificar as actuacións concretas, pero tamén a comunicación interna e cara ao exterior na que son fundamentais o desenvolvemento de estratexias de colaboración e traballo en rede. Polo tanto, o traballo do DEAC estrutúrase ao redor dos seguintes puntos:

1. Estudo das coleccións e dos espazos de exhibición, permanentes e temporais, e investigación con fins educativos e de acción sociocultural.
2. Estudo dos públicos.
3. Plans anuais para o desenvolvemento do Proxecto Educativo do Museo. Deseño e execución.
4. Comunicación: entre as funcións de difusión e mediación coa sociedade que ten o DEAC, a comunicación é fundamenta, tanto na execución das actividades, na difusión e captación de persoas usuarias. A comunicación interna e a colaboración con outras entidades.
5. Avaliación.

Cada un destes grandes ámbitos ten a súa vez tarefas concretas.

1. Estudo das coleccións e dos espazos de exhibición (permanentes e temporais) e investigación, con fins educativos.

A información relativa á historia do Museo, ao edificio, á colección e aos obxectos que a integran son material imprescindible para o deseño de calquera actividade ou acción de aproveitamento didáctico ou de divulgación. Sen manexar ben esta información non se poderá desenvolver correctamente o labor educativo do Museo nin favorecer a diversidade de interpretacións.

Neste sentido é unha responsabilidade do persoal do DEAC, na medida en que as súas tarefas o requiran, estar ao tanto dos estudos e do coñecemento que xurdan ao redor do patrimonio do que o Museo se ocupa. Para isto o contacto cos departamentos de Conservación, Arquivo Gráfico, Biblioteca e Exposicións terá que ser constante e fluído, non so para saber que novas pezas entran a formar parte da colección ou que programa se prevé de exposicións temporais, senón tamén para obter a información necesaria para levar a cabo o traballo educativo. É importante estar ao tanto das novas ideas e teorías que, por suposto desde a museoloxía e a antropoloxía

cultural, pero tamén desde outras ciencias sociais, xurdan ao redor do material co que se traballa.

A investigación ao redor do traballo educativo e de acción cultural no Museo debe ser parte do traballo do cadro de persoal do DEAC.

Hai que avaliar, con respecto aos espazos, se estes son idóneos para que as actividades se desenvolvan nun ambiente propicio, con seguridade para os e as asistentes e se non atentan contra a integridade da colección.

2. Estudo do público

Identificar aos públicos reais e posibles e ter en conta a ambos ao deseñar os servizos educativos e a programación académica e cultural. Detectar que persoas non participan de ningunha das accións que o Museo propón é o paso previo ao planeamento de estratexias para levalas a facelo.

O estudo das persoas usuarias farase coa axuda da observación, das enquisas, da revisión dos datos de rexistro de visitantes tanto individuais como en grupos, e da avaliación das accións acometidas. Manter a comunicación cos axentes que posibilitan a visita ou a participación dos grupos nas actividades do Museo é outro xeito de avaliar e saber que aspectos é preciso mellorar ou cambiar. Solicitar a colaboración do persoal do servizo de recepción, atención e vixilancia en salas para facerse con información sobre os e as visitantes.

3. Plans anuais do proxecto educativo. Deseño e execución.

A realización dos plans anuais integran o abano de propostas que se poden realizar no Museo desde a área de educación e acción cultural para grupos organizados e público xeral: visitas, obradoiros, recursos expositivos e didácticos, cursos de formación, actividades de tipo escénico ou musical, actividades extramuros, entre outros.

a) Programas para grupos organizados

Destes, os escolares son o público con maior peso numérico, e nas accións dirixidas ao público xeral. A oferta didáctica tamén ten en conta distintas épocas do ano, dado que, durante os meses centrais do curso escolar a presenza desde colectivo é moi superior a de ningún outro, mentres que públicos como o familiar adquiren maior protagonismo nos períodos vacacionais.

O deseño destas acción require, como xa vimos, estudar a materia coa que se vai traballar e o público ao que nos queremos dirixir. As accións deben ademais contar cun cronograma no que se estableza, desde o período de estudos previos até a súa avaliación. Hai que establecer un orzamento e un deseño conceptual e metodolóxico.

A acción educativa para grupos pivota fundamentalmente ao redor do aproveitamento didáctico da colección e, na medida do posible, das exposicións temporais e concrétase nas seguintes propostas:

Grupos escolares

- **Visitas dirixidas polo DEAC:** estruturadas en itinerarios que parten do proxecto museolóxico e da súa plasmación museográfica pero observando as posibles relacións co currículo escolar desde o 2º ciclo do ensino primario até o bacharelato, no caso dos grupos escolares e itinerarios de achegamento e/ou especialización temática para outros grupos.
- **Visitas dinamizadas:** para os tramos de infantil e primeiro ciclo de primaria nas que a metodoloxía é sobre todo lúdica. A través de xogos de pistas, de interrogación ou da narración estas visitas achegan os contidos do Museo ao alumnado dun xeito xeral ou monográfico.
- **Obradoiros:** onde o coñecemento dalgún aspecto da colección permanente ou dunha exposición temporal faise a través da posta en práctica das técnicas relacionadas co exposto.
- **Visitas autoguiadas:** a través de materiais que faciliten o uso do Museo por parte dos grupos que non desexen a dirección da actividade por parte dun ou dunha monitora ou daqueles aos que por falta de tempo e/ou persoal non se poda atender.

Outros grupos

- **Estudantes universitarios:** trátase dun colectivo moi diverso en tanto en canto os aspectos da colección que poden interesar son moi diferentes en función dos estudos universitarios dos que se trate. Fundamentalmente hai dous tipos de propostas, a visita guiada que pode ser xeral, de achegamento ao Museo, ou cun tema proposto polo grupo con relación máis directa coa súa especialidade. Neste último caso, o DEAC, ten a posibilidade de ofrecer

itinerarios diferentes que van desde os histórico- artísticos (ademais do edificio o Museo conta unha pequena colección de pintura e imaxinería) até medio ambientais (o monte) pasando por visitas nas que o tema central é o propio traballo do DEAC no aproveitamento didáctico da colección e que interesa a Ciencias da Educación ou Educación Social.

- **Maiores:** un dos colectivos que máis creceu nos últimos anos e que demanda maior atención durante a época invernal pola afluencia de grupos procedentes dos programas de viaxes para dito sector da sociedade. Neste caso a intervención do DEAC incide máis sobre os guías locais que acompañan a estes grupos e aos que se lles facilita a posibilidade dunha formación básica sobre a presentación dos contidos do Museo. Outros grupos de maiores que se organizan a través de entidades como asociacións veciñais ou servizos sociais municipais e que adoitan ser de procedencia galega, o traballo dos e das monitoras é o de xogar o papel de anfitrioa, recibindo e acompañando, escoitando, respondendo e aprendendo dun público formado por persoas que son depositarias dunha parte importante da memoria dos obxectos e aspectos que conforman a nosa colección.

- **Agrupacións de persoas con diversidade funcional ou intelectual:** trátase dunha xeneralización onde caben múltiples casos. No caso da diversidade motora, non debe haber ningún tratamento especial, senón que o edificio deberá estar adaptado, o mesmo no caso dunha diversidade sensorial como a auditiva contando con signoguías ou que, cando as actividades sexan en grupo, pódese procurar que o mesmo conte cun intérprete. Para a diversidade visual, o Museo debería contar con recursos tridimensionais que permitan un recorrido táctil onde se exploren as calidades de materiais, ferramentas e técnicas. Tamén é importante a mediación e apoio de e das educadoras mediante a información oral. Para as persoas con diversidade intelectual utilizamos os mesmos recursos que para calquera outro grupo. É o apoio e asesoramento dos propios colectivos o que nos vai determinar de que xeito adaptar as visitas ou obradoiros.

- **Colectivos con risco de exclusión social:** outro colectivo moi amplo en canto as causas da súa situación polo que as posibles actuacións son tamén moi diversas abranguendo todas as posibilidades de traballo que presentamos cos diferentes grupos favorecendo a integración real e efectiva de todas estas persoas na actividade do Museo.

Tanto coa diversidade funcional como co colectivo en risco de exclusión hai que contar co apoio e asesoramento das entidades, asociacións, profesionais e membros dos colectivos en cuestión.

- **Grupos turísticos:** estes grupos aínda que teñen unha característica común clara están conformados por persoas de lugares, culturas e formacións diversas polo que as visitas

guiadas teñen que ser de tipo xeral, dando as ferramentas básicas para que interpreten a colección. Xa comentamos nos principios básicos que o lugar do DEAC aquí está máis en facilitar a entrada e os recursos ás persoas responsables destes grupo se aos profesionais do turismo que deben encargarse da atención directa aos mesmos.

- **Colectivos profesionais:** se estes grupos veñen ao Museo procedentes de congresos ou reunións en tempo de lecer o tratamento será similar ao dos turistas, observando na medida do posible á hora de concretar a reserva, aquelas características que nos dean pistas sobre o que máis lles poida interesar da colección. Se o grupo pertence a un sector con algún vínculo coa colección como por exemplo artesáns, sector da arquitectura e a construción ou co mundo náutico-pesqueiro, a visita traballarase desde aí. Se o vínculo dos profesionais é por traballos afíns aos realizados no Museo, mostraranse os contidos tentando referenciar aquelas tarefas vinculadas co grupo.

Un dos grupos de profesionais aos que hai que ter especialmente en conta son os e as educadoras. E por suposto ás profesionais que exercen nos museos. Neste sentido, ademais da preparación das visitas específicas con contidos relacionados co propio proxecto educativo do Museo e as posibilidades didácticas do mesmo, hai que desenvolver proxectos nos que estes e estas profesionais poidan participar de forma activa compartindo experiencias e enriquecendo á institución museística.

b) Programa de acción didáctica para público xeral.

- **Visitas individuais:** ademais das preceptivas guías, textos en sala e puntos de información aos que haberá que atender en canto a súa linguaxe e eficiencia comunicativa, o DEAC disporá materiais deseñados para dar a posibilidade de realizar a visita autónoma dun xeito didáctico, divertido e que fomente o descubrimento. É recomendable ter materiais adoitados aos visitantes en familia, con crianzas e materiais para visitantes adultos. Deberán estar dispoñibles como mínimo en galego, castelán e inglés e se entregarán, xunto coa entrada, na recepción.

- **Actividades para público infantil/xuvenil:** en períodos vacacionais e fins de semana. A súa organización se agrupa en función da idade aínda que con certa flexibilidade. Tratarán temas específicos contidos ou relacionados co Museo cun tratamento,

fundamentalmente, de expresión ou simulación como obradoiros baseados en habilidades e técnicas relativas a oficios tradicionais ou xogos de rol.

- **Actividades para familias:** en fins de semana ou períodos vacacionais. Requiren da participación de persoas adultas e de pequenos e pequenas. A metodoloxía pode ser a experimentación, a manipulación ou o descubrimento a través de pistas e preguntas que se resolven no percorrido polo Museo. Tamén as actividades escénicas e musicais con representacións teatrais ou musicais adecuadas a este público.

c) Programa de acción educativa e sociocultural

Actividades de divulgación, formativas, complementarias e eventos. Neste epígrafe atopamos actividades para públicos moi distintos, en ocasións dirixidas a atraer a públicos menos habituais no Museo, procurando captar o seu interese e implicalos na vida da institución e outras en actividades de interese máis xeral como as musicais. Algunhas destas actuacións poden constituír programas de continuidade, cunha frecuencia regular ou unha cita que se converta en anual e reforce a presenza pública do Museo:

Actividades formativas como charlas, xornadas e obradoiros ao redor de diferentes temáticas relacionadas cos contidos e obxectivos do Museo como a música, a danza, a indumentaria, as festas ou as crenzas.

Actividades ao redor das experiencias de vida que tornen en protagonistas aos e ás usuarios do Museo.

Actividades baseadas no cine. Etnografía e Cine teñen unha longa e duradeira relación, desde as súas orixes, pasando por ser ferramenta de rexistro das investigacións até filmes que, desde a arte cinematográfica, teñen como fío condutor a vida ou o comportamento de grupos humanos concretos. O cine é ademais unha actividade que pode atraer a público distintos tanto polas distintas propostas que cada filme presenta como polo feito de que pode resultar un factor de atracción para persoas que non adoitan ser usuarios do Museo. O Museo do Pobo Galego polo seu papel central en Galicia debe ser un espazo de difusión do cine que, baixo o criterio da etnografía, se realice desde Galicia e, á vez, tentar mostrar tamén o panorama internacional. Ademais de ser un bo recurso para as actividades de público infantil/xuvenil ou as formativas.

Actividades de tipo escénico e musical que espertan interese en distintos colectivos. Os concertos ou determinadas actividades escénicas no Museo poden captar a públicos como por exemplo o

familiar, con espectáculos deseñados con este fin como títeres ou contacontos, ou a un público adulto diverso entre os que se atopan grupos de idade e ou persoas cuxos intereses non veñen habitualmente ao Museo.

d) Actividades derivadas da acción didáctica e cultural

A colaboración con outras entidades ou institucións para implementar proxectos específicos ou os acordos que delimitan accións conxuntas que coadxuvan a conseguir determinados obxectivos comúns ou o concurso de profesionais cos que o Museo non conta no cadro de persoal. Neste apartado están os proxectos de actuación conxunta con outros centros museísticos da cidade en aras de acadar unha maior presenza social e mediática, a pertenza ou colaboración do Museo con colectivos e asociacións coas que comparte intereses profesionais ou as colaboracións con entidades de diversa índole para organizar actividades concretas.

Á vez o Museo funciona tamén como lugar de prácticas para estudantes e novos e novas tituladas a través de convenios de desenvolvemento profesional para programar proxectos de prácticas para alumnado de Ciencias da Educación, Educación Social ou Animación Sociocultural.

4. Comunicación. Difusión das actividades e captación de persoas usuarias, a colaboración e a comunicación interna.

a) Difusión

Para acadar que os diferentes tipos de públicos coñezan e sexan partícipes das actividades do museo, é preciso aproveitar todas as ferramentas que se teñan á man, tanto analóxicas como dixitais que reforcen a difusión da programación e das posibilidades que o Museo ten para o coñecemento e o lecer (ou para gozar coñecendo). Neste sentido o Museo debera contar cunha profesional da comunicación coa que o DEAC debe consensuar e traballar nos seguintes aspectos:

- Envío de información a aqueles centros desde onde poden organizarse visitas ao Museo como centros escolares e de formación; socioculturais, agrupacións relacionadas co coñecemento do patrimonio ou dedicadas ao folclore; colectivos veciñais, oficinas de información turística, locais de hostalaría, centros de congresos...

- Activar tamén o intercambio e difusión da información nos medios analóxicos e dixitais como boletíns e páxinas doutras entidades relacionadas co Museo, coa educación ou asociadas á procura e información sobre destinos turísticos, sobre lugares a visitar onde realizar actividade culturais ou sitios que ofrezan actividades aptas para facer en familia...
- Uso da web do Museo e creación de contas nas redes sociais e por suposto, os medios de comunicación convencionais. A creación de directorios e a súa actualización é unha parte indispensable desta parte do traballo de difusión.
- A virtualidade tamén como ferramenta para transcender o local e chegar a públicos doutros lugares.
- Uso da cartelaría e/ou publicidade en lugares públicos difundindo as actividades como medio de atraer ás persoas cara ao Museo.
- As propias actividades que deberán fidelizar, pero tamén tratar de atraer a novos públicos a través da difusión a posteriori dos resultados vía tamén medios de comunicación e redes sociais.
- Incentivar o “boca a boca”, que as persoas usuarias falen da súa experiencia nas actividades do Museo ou as comenten e publiquen nas súas redes sociais.

E ademais,

- A relación cos colectivos destinatarios da acción educativa e cultural do Museo a través dos encontros programados propios ou propiciados por outras entidades.
- Relacionarse, facerse visible a través tamén das entidades da comunidade inmediata sendo partícipes da vida do colectivo que sustenta ao Museo.

b) Traballo en rede

Para realizar a programación o DEAC debe colaborar co resto dos departamentos do Museo pero ademais tamén pode apoiarse en grupos e institucións establecidos na súa comunidade creando así vínculos institucionais .

- Mediación para que o espazo do Museo sexa un espazo aberto a outros usos máis alá dos estritamente museísticos.
- Asesoramento e apoio a proxectos pedagóxicos relacionados co patrimonio.
- Colaboración cos servizos educativos e de acción cultural da rede de museos locais en actuacións compartidas e, se se dera a posibilidade, a colaboración con outros servizos pedagóxicos de museos afíns fóra de Galicia, como xa se mencionou ao falar das actividades derivadas da acción didáctica e como tamén se dixo aí
- Servir como centro de formación en prácticas para distintas titulacións relacionadas coa educación e a acción sociocultural para o que se seguiría o protocolo de actuación que dispoña o programa do Museo para estes casos.
- Apoio e, de ser posible, participación nos proxectos de divulgación que teñan que ver cos contidos e obxectivos do Museo e que se produzan na contorna sociocultural galega.

Unha preocupación do Museo en xeral e do DEAC en particular, é o feito de que esta entidade é unha Asociación e, como tal, conta con persoas socias ás que se debe atender especificamente realizando actividades específicas para as e os socios ou nas que estas persoas teñan algún tipo de vantaxe como ter coñecemento antes que o público xeral das actividades ou contar con prezos especiais no caso de que non sexan gratuítas.

c) Comunicación interna

A comunicación no Museo entre os distintos departamentos e destes coa área de Dirección é imprescindible para o funcionamento do Museo pero ademais, calquera Museo preocupado por fidelizar e procurar a participación do público de xeito crítico e activo na vida da entidade deberá contar con áreas interconectadas que manteñan unha mesma postura, unha mesma política de públicos. Neste sentido o DEAC ten que ter un canal aberto, especialmente para aqueles e aquelas áreas ou persoal que interveña na atención ao público. Hai que manter informado a este persoal das propostas e actividades que organiza o DEAC. Deben saber en que lles pode afectar en cada momento, en que salas vai a haber que actividade e cal é a dinámica de cada unha delas. Tamén deben saber o que se agarda deles, que tipo de intervencións e comportamentos teñen que ter en función dos públicos e das actividades e buscar a implicación nas tarefas de

observación e toma de datos. A colaboración con recepción, vixilancia e información en salas permitirá incrementar a información coa que se pode contar para constatar se as accións educativas e de acción cultural están logrando os seus obxectivos. As queixas e comentarios chegan en moitísimas ocasións a través deste persoal.

PERSOAL

No regulamento interno e seguindo a estrutura clásica das áreas de conservación contéplase a figura do/a responsable do DEAC, o/a axudante e o/a auxiliar. Seguindo este esquema axustado ás funcións que desenvolve o DEAC, a estrutura contaría cunha dirección de área, uns educadores/as como técnicos responsables dos distintos proxectos e auxiliares-monitores/as para a execución de distintas tarefas relacionadas coas actividades desenvolvidas

O DEAC depende directamente da Dirección do Museo.

RESPONSABLE/DIRECCIÓN DO DEAC

Dirixe e coordina a labor do departamento, deseñando tanto o programa de aproveitamento didáctico como o de actividades, así como tamén das ferramentas de avaliación. Participa en todas as etapas desde a súa posta en marcha e execución até a avaliación, coordinando e supervisando que o proceso se desenvolva segundo o previsto, tanto nas actividades que se desenvolvan co persoal propio do Museo como nas ocasións en que se externalicen. Como marca o manual de funcións a persoa responsable do DEAC deberá ser un/unha titulada superior en Ciencias Sociais preferentemente con especialización en museoloxía e/ou xestión cultural e con formación/coñecementos de Pedagogía Museística e Comunicación.

AXUDANTES

O/a axudante, será o educador ou educadora de apoio para a persoa responsable do DEAC en todas as etapas do programa baixo a súa dirección. Durante a execución das actividades do programa de aproveitamento didáctico, será a persoa que, baixo a supervisión do/a responsable, organice o traballo dos/das educadoras en proxectos concretos.

Titulado/a Superior, preferentemente en Pedagogía, Educación Social ou no seu defecto en Ciencias Sociais con coñecementos en Museoloxía e/ou Xestión Cultural.

EDUCADOR/A

Executan as propostas do programa de aproveitamento didáctico e atención aos grupos organizados. Auxilian noutras tarefas que se desenvolvan dentro do departamento. Técnicos superiores en Animación Socio Cultural, en Educación Infantil e en Animación Turística. Fluidez en galego, español e en inglés e/ou francés.

A este documento base iranse anexando as distintas propostas desenvolvidas a partir do Proxecto Educativo do Museo

Departamento de Educación e Acción Cultural



Museo do Pobo Galego

2012